

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

CPI Plurilingüe Dos Dices

Debido á publicación da ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, modifícase a programación do Departamento de Matemáticas nos seguintes termos:

O punto 7.2.2 Cualificación final, queda redactado como segue:

A cualificación final de cada alumno/a obtense facendo a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións e redondeándoa ao enteiro máis próximo, e o alumno/a aprobará o curso se é maior ou igual ca cinco.

a) No caso en que a cualificación final sexa menor que cinco o alumno/a fará unha proba escrita de recuperación de toda a materia de cada avaliación na que obtivera unha nota menor que cinco. Esta proba estará cualificada cun máximo de dez puntos. A nota de recuperación de cada avaliación será entón a nota obtida no exame de recuperación, redondeada ao enteiro mais próximo.

Cando unha avaliación deba ser recuperada, para facer o cálculo da nota final, tomarase a nota máxima entre a nota que se tiña na avaliación e a nota obtida no exame de recuperación.

b) Un alumno/a que teña nota de avaliación final maior ou igual que cinco, poderá subir nota por avaliacións. Para iso o alumno/a debe presentarse ao exame de recuperación de cada unha das avaliacións nas que desexe subir nota: e se a nota obtida no exame de recuperación é maior que a que se tiña nesa avaliación substituiráa no cálculo da media para a obtención da cualificación final, en caso contrario non se terá en conta.

O punto 9.2 Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, queda redactado como segue:

Para o alumnado de 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO con matemáticas pendentes de cursos anteriores, realizarase un exame escrito de toda a materia no mes de marzo e a cualificación será a nota do exame redondeada ao enteiro máis próximo.

No caso de ser cinco ou superior a cinco, considérase que a materia está aprobada. No caso de que a nota sexa inferior a cinco, farase un exame de toda a materia no mes de maio, onde de novo a cualificación será a nota do exame redondeada ao enteiro máis próximo, e no caso de ser cinco ou superior a cinco considerárase que a materia está aprobada.

As datas dos exames das materias pendentes serán comunicadas coa suficiente antelación, e cada profesor/a recordarallo ao alumnado con materias pendentes da súa clase.

Cada profesor/a é o responsable do alumnado coa materia pendente de cursos anteriores que teña na súa clase, proporcionando tanto material de repaso como axuda e apoio para a preparación das probas.

O punto 9.3 Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría), cambia de denominación e queda redactado como segue:

9.3 Metodoloxía e actividades para o alumnado que vai presentarse á recuperación final por avaliacións.

O alumnado que se vaia presentar ao exame final de recuperación por avaliacións, ben por non ter superada a materia, ben por querer subir nota, terá material na plataforma Edixgal ou Aula Virtual para a súa preparación, como resumos, boletíns e outros materiais de repaso. Ademais dedicaranse sesións comúns para dúbidas e aclaracións sobre o contido de dito exame.